

MOCIÓN AO PLENO DO CONCELLO

RESTAURAR A MEMORIA CULTURAL E LINGÜÍSTICA DOS NÓSOS DEVANCEIROS

ANTROPOLOXÍA CULTURAL DE GALICIA

As culturas atlánticas, e Galicia é unha delas, manteñen viva unha cultura da morte, que se materializa en ritos e crenzas.

Con 3792 parroquias, Galicia é a Comunidade autónoma con máis de trinta mil núcleos de poboación. A organización territorial de Galicia fai que haxa máis cemiterios que parroquias ten. Os cemiterios municipais incrementan o número, aproximándonos á cifra de catro mil camposantos. Estes espazos que os antropólogos denominan “parroquias de mortos” viven dentro da parroquia dos vivos. Precisamente por esta forte tradición cultural a lei de cemiterios, que obriga a situalos fóra dos núcleos rurais por razóns de salubridade, non é observada e respectada polas comunidades parroquiais. As visitas aos mesmos son cotiás. Sempre hai, a tódalas horas do día, alguén dentro do cemiterio. De aí que na maior parte deles o esmero na súa conservación se reflicta na ornamentación e limpeza. Estamos a falar, pois, de espazos naturais nos que o respecto e as visitas os converten en espellos da parroquia. Pero eses espellos deformizantes, non reflicten a realidade cultural da parroquia dos vivos.

ESPELLO DEFORMANTE

Efectivamente, nos camposantos proxectan os vivos a súa maneira de entenderen a vida e a morte, confluindo constantemente. Mais a realidade lingüística presenta unha deformación que choca co mantemento da tradición cultural de Galicia:

a) mentres unha porcentaxe altísima da poboación (máis que en Catalunya e Euskadi) fala en lingua galega (a lingua dos vivos) na “parroquia dos mortos” é ao revés.

b) só unha de cada mil lápidas está redactada en galego.

c) e no que fai ás esquelas estímase que só un 2% delas se publicita no noso idioma.

Estamos a falar, pois, dunha imaxe que nos informa dun “desamaño” nos comportamentos lingüísticos da cidadanía, que hai que corrixir, aplicando o principio xurisprudencial da discriminación positiva.

O CONCELLO DE AMOEIRO E A DEMOGRAFÍA

Segundo o informe do Instituto Galego de Estatística o censo de poboación do Concello é de 4.427 habitantes. Esa poboación, tamén segundo datos oficiais, fála a lingua galega practicamente na súa totalidade, sendo excepción os que non o fan. Mesmo así, éstos manifestan que a entenden.

No ano 2010 faleceron no Concello de COTOBADE 35 persoas (17 HOMES e 18 MULLERES). Con total seguridade, todos galegofalantes. Coa mesma rotundidade podemos afirmar que as súas lápidas están rotuladas en castelán. Unha mostra evidente da perversión cultural á que faciamos

anteriormente alusión. A Igrexa, funerarias e empresas marmolísticas, coas súas sinerxias históricas fan que a realidade distorsionada siga o seu proceso que as institucións públicas deben corrixir con campañas pedagóxicas que fagan reflexionar a uns e a outros sobre a conveniencia de manter a coherencia **lingüística máis aló da vida**.

OS CONCELLOS, INSTITUCIÓNS BÁSICAS PARA CULTURIZAR Á POBOACIÓN

A Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia encoméndalles aos poderes locais o fomento da lingua galega en tódalas ordes da vida social e cultural. O artigo 25 da mesma Lei preceptúa que as Corporacións Locais “dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas E OUTRAS”.

O Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado polo Parlamento de Galicia en 2004, fai fincapé neste mandato establecendo orientacións para que, no caso que nos ocupa, os concellos se preocupen pola extensión do uso da lingua galega a tódolos ámbitos, incluído os funerarios.

O CONCELLO DE Cotobade: EN GALEGO, AGORA E SEMPRE.

Consonte coa argumentación antropolóxica, estatística e o ordenamento xurídico reseñado, o Concello de COTOBADE quere orientar a súa política lingüística de fomento do idioma galego e as estratexias para conseguir tal fin coas, entre outras, seguintes iniciativas:

INICIATIVAS PARA FOMENTAR A LINGUA GALEGA

- 1. Aprobar unha partida orzamentaria para o exercicio do 2012, para subvencionar con 50 euros (CINCUENTA EUROS), ás lápidas que se fagan en lingua galega. Os interesados/as en beneficiárense delas deberán presentar nas oficinas municipais, xunto coa solicitude, a factura correspondente ao gasto da empresa que fixo a lápida, copia do certificado de defunción e unha fotografía da lápida instalada, indicando en que cemiterio parroquial está.*
- 2. O Concello celebrará tódolos anos, coincidindo co Día de Defuntos en colaboración coa Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia (AFNLG) un acto público destinado a estimular o uso da lingua galega nos actos funerarios: liturxia, esquelas, lápidas, etc. Tal finalidade será programada cada ano nun cemiterio parroquial nunha convocatoria de homenaxe a tódolos falecidos, colocando na fachada do camposanto unha placa de bronce que diga:*

**NA MEMORIA
DE TÓDOLOS QUE AQUÍ XACEN,
PORQUE GRAZAS A ELES
GALICIA SEGUE A TER CULTURA E
LINGUA DE SEU.**

Concello de Cotobade

Naqueles casos nos que por motivacións históricas ou doutra índole, e en colaboración cos sucesores dos defuntos elixidos, procederase a substituír a lápida existente en castelán por outra en galego, para exemplificar con esa remuda a restitución da memoria lingüística do defunto que fora en vida un galegofalante de significación social.

- 3. A Alcaldía publicará tódolos anos un Bando para súa difusión nas parroquias e centros de ensino para chamar a atención sobre a filosofía que se persegue con esta moción.*
- 4. Serán obxecto desta política de información os cregos e as funerarias.*

Cotobade, 20 de setembro de 2011